



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica	Código	613G02006	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da lingua latina e de outros aspectos da cultura latina da Antigüidade, con especial atención á comprensión, explicación e tradución de textos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así cmo a terminoloxía propia desta disciplina	A1 A29	B1	C3
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos	A2	B7	
Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental	A13	B8	C4
Sintetizar e valorar críticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos	A11	B7	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de procura de información, adquirindo capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos	A11	B1 B3	C3
Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a gramática histórica e a historia da literatura galega	A14	B5	C4
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Apreciar a diversidade		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1 Instrumentos para o estudo da civilización latina e o seu legado	1.1 Principais recursos bibliográficos para o estudo da cultura clásica e da lingua latina 1.2 Outros recursos dispoñíbeis na web
2 Morfoloxía nominal da lingua latina I	2.1 Concepto de caso e de declinación 2.1 A flexión dos substantivos 2.2 A flexión dos adxectivos
3 Morfoloxía nominal da lingua latina II	3.1 A flexión dos pronomes personais 3.2 A flexión dos pronomes demostrativos 3.3 A flexión dos pronomes fóricos 3.4 A flexión do pronome relativo



4. Morfoloxía verbal da lingua latina	4.1 As formas do tema de presente 4.2 As formas do tema de pasado 4.3 As formas da voz pasiva 4.4 Infinitivos, xerundios e participios
5 Sintaxe da lingua latina I: a oración simple e a oración de relativo	5.1 Funcións e usos dos casos 5.2 Sintagmas preposicionais 5.3 As oracións de relativo
6 Sintaxe da lingua latina II: a subordinación substantiva	6.1 As oracións de infinitivo (Acl) 6.2 As oración subordinadas substantivas sindéticas (conxuncións quod, ut, ne)
7 Sintaxe da lingua latina III: A subordinación adverbial	7.1 Oracións causais 7.2 Oracións temporais 7.3 Oracións finais 7.4 Oracións consecutivas 7.5 Oracións condicionais 7.6 Oracións concesivas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A29 B1 B6	2	16	18
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 B5 B7 C3	22	44	66
Sesión maxistral	A1 A13 A14 B3	22	22	44
Lecturas	A13 B8 C4	0	20	20
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Unha vez rematado o período de clases, os estudantes farán un exercicio sobre as cuestións desenvolvidas na totalidade do temario. A proba terá fundamentalmente carácter práctico e estará orientada a comprobar o grado de coñecemento e de dominio da materia polo alumno.
Análise de fontes documentais	Exercicios de lectura, comprensión, análise e comentario lingüístico e de contido de textos latinos, poñéndoos en relación, cando sexa oportuno, coas linguas modernas, así como coa cultura e a civilización actuais.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital.
Lecturas	Lectura por conta do estudante de material específico relativo á cultura clásica e á súa pervivencia seguindo as instrucións proporcionadas polo profesor. O alumno terá que explicar na aula, en exposición pública, algún aspecto do texto ou do tema que lle fose asignado previamente polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	<p>O estudante poderá asistir a tutorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas. Para evitar esperas innecesarias, recoméndase, aínda que non é obrigatorio, concertar unha cita co profesor. De ser necesario, a cita non terá por qué limitarse ó horario de tutoría establecido oficialmente. O profesor intentará acomodarse ás necesidades do alumno, sempre que non llo impidan as súas restantes obrigas docentes e investigadoras.</p> <p>Salvo excepcións xustificadas ou casos de urxencia maior, as tutorías terán lugar de maneira individual e presencial, non a través do correo electrónico. A eventual entrega de traballos ó profesor deberá facerse tamén persoalmente. Calquera entrega non feita por esta vía, por exemplo deixando material en conserxería ou no casilleiro do profesor, non será tida en conta no proceso de avaliación.</p>
-------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 B5 B7 C3	As diversas actividades de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico. Para obter a puntuación deste apartado o alumno non poderá acumular máis dun trinta por cento de faltas de asistencia a clase, que serán controladas mediante sinatura diaria. A nota deste apartado obterase pola participación activa na aula así como por eventuales controles periódicos de contidos.	40
Lecturas	A13 B8 C4	O estudante dará conta das lecturas obrigatorias que fosen propostas polo profesor.	10
Proba obxectiva	A29 B1 B6	Proba escrita individual de carácter práctico que se efectuará unha vez rematado o período de clases. Constará de dúas partes: a primeira conterá exercicios sobre cuestións básicas de morfoloxía e de sintaxe latinas e dará lugar ó corenta por cento da nota deste apartado; a segunda parte, que aportará o sesenta por cento restante, consistirá na explicación da lingua e do contido dun ou de varios textos latinos propostos polo profesor. Este especificará se o alumno debe ou non efectuar a tradución do texto ó galego ou ó castelán. En ningún caso recibirá puntuación unha resposta que non se ataña estritamente á pregunta realizada. Non será posible superar a materia se na parte relativa a morfoloxía e sintaxe latina non se acadada un mínimo de cinco puntos sobre dez. Unha vez acadada esta puntuación sumarase a puntuación que lle corresponde á explicación dos textos latinos, así como a do apartado de lecturas e de análise de fontes documentais.	50

Observacións avaliación
<p>As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas finais, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva. Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo o exercicio de lecturas e a proba obxectiva coas mesmas condicións e porcentaxes ca na oportunidade de xuño. Para o corenta por cento restante da nota -é dicir, para a parte de 'análise de fontes documentais'- disporán dun apartado específico relacionado coa materia explicada na aula. Para esta parte o profesor propoñerá preferentemente exercicios prácticos do mesmo tipo e de similar dificultade ca os realizados na actividade docente diaria. Os exercicios de análise sintáctica, no seu caso, deben consistir nunha explicación razonada, e ben redactada, por parte do alumno. Non estará permitido o emprego de abreviaturas nin de suliñados debaixo do texto latino analizado. O mesmo principio é válido para aqueles casos en que sexa necesario efectuar a tradución dun texto latino ó galego ou ó castelán.</p> <p>De non realizar a proba obxectiva prevista o estudante será cualificado como Non Presentado.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Atenea - J.M. Baños Baños (2009). Sintaxis del latín clásico. Madrid. Liceus - Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid - Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones Clásicas - J. Molina Yévenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona <p>The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Recursos para la literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/Analecta_Malacitana (Univ. Málaga) http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterarius http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm Traduccions castelás da Eneida http://es.wikisource.org/wiki/Eneida_(Ochoa) (Traducción de Eugenio de Ochoa) http://es.wikisource.org/wiki/Eneida (traductor desconocido) Traduccions inglesas da Eneida http://www.gutenberg.org/catalog/world/readfile?fk_files=722084 (Dryden) http://www.bibliomania.com/0/2/173/1106/frameset.html A Eneida na Wikipédia http://en.wikipedia.org/wiki/Aeneid http://es.wikipedia.org/wiki/Eneida http://gl.wikipedia.org/wiki/Eneida http://pt.wikipedia.org/wiki/Eneida</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

É imprescindible que os estudantes teñan coñecementos asentados sobre o morfoloxía e a sintaxe da linguas en xeral, e en particular do galego e do castelán, así como unhas nocións básicas acerca do funcionamento do sistema morfolóxico da lingua latina.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías